VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS 2026

VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS 2026
https://ccooensino.gal/usc/
www.facebook.com/CCOOdaUSC

Redución de Xornada

Retribuída	**Por atender familiares 1º grao moi graves:** Redución de 1/2 da xornada polo prazo máximo de 1 mes, prorrogable a 2 meses.
NON Retribuída	**Por garda legal** ou coidado de maiores ou de familiares enfermos ata 2º grao: Redución de xornada de 1/3 ou ½. **Por violencia de xénero**: Diminución ou reordenación do tempo de traballo. **Cesamento progresivo da actividade** (cando resten menos de 5 anos para a xubilación): Redución de ata 1/2 da xornada. **Recuperación de enfermidade** (logo do informe do Servicio de Vixilancia da Saúde): Redución de ata 1/2 da xornada. **Interese particular**: Redución resultante será de 5 horas ininterrompidas e co 75% do soldo

Xornada e Horarios de Traballo

Xornada Ordinaria (Instrución VI/2025 Punto 7.1)	**35 horas semanais** que con carácter xeral realizaranse de luns a venres de: **8:00 a 15:00 en quenda de mañá** e de **15:00 a 22:00 en quenda de tarde.** Os **centros** con carácter xeral permanecerán **abertos de 8:00 a 22:00 horas.**
Xornada Reducida: **Verán (xuño, xullo e agosto)** **Semana Santa** **Nadal** **Entroido** (Instrución VI/2025 Punto 7.2)	De **30 horas semanais** que con carácter xeral realizaranse de luns a venres de: **9:00 a 15:00 en quenda de mañá** e de **15:00 a 21:00 en quenda de tarde** Os **centros** con carácter xeral permanecerán **abertos de 9:00 a 21:00 horas.** O **persoal con xornada continuada** sen flexibilidade horaria concedida poderá facer 6 horas diarias continuadas entre as **8:00 e as 15:30** na quenda de mañá, e entre **as 14:00 e as 22:00** na quenda de tarde, dentro horario de apertura e peche do centro. O **persoal con xornada partida** fará unha xornada de 30 horas en cómputo semanal.
Xornada Diaria Partida	De luns a venres ata completar **35 horas semanais.** Con xornada reducida: 30 horas Semanais.
Xornada Irregular	**35 horas semanais** de media en cómputo mensual, non axustada a quenda. Con xornada reducida: 30 horas semanais.

Graos de Parentesco

Graos	Titular/Cónxuxe ou Parella de Feito			
1º	Nai/Pai	Sogra/Sogro	Filla/Fillo	Nora/Xenro
2º	Avoa/Avó	Irmá/Irmán	Cuñada/Cuñado	Neta/Neto
3º	Tío/Tía	Sobriño/Sobriña	Bisavó/a	Bisneto/a
4º	Curmán/á	Sobriño-neto	Tío/a-avó/a	

Notas aclaratorias: Resolución 24 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública

Parella de feito: É a que, respecto da persoa de referencia, mantén unha relación que pode acreditar a través da inscrición nun rexistro público oficial de uniónes de feito.
Requirir especial dedicación: Supón que é preciso que o suxeito reciba tratamento, atención, coidados ou asistencia continuada por terceiras persoas debido a problemas de saúde, entendida esta última como benestar físico, psíquico e social.
Convivencia: Relación baseada na cohabitación no mesmo domicilio.
Ter ao seu cargo: Relación de dependencia que non implica convivencia.
Coidado directo: Relación de dependencia que implica convivencia.
Enfermidade moi grave: Considerarase como tal aquela que con tal carácter así se determine polo facultativo no correspondente informe médico.
Enfermidade grave: Teranse en conta as enunciadas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cáncer ou outra enfermidade grave, ou norma que o substitúa.

Calendario de Festas USC Instrución VI/2025

Festas NON Recuperables da Comunidade Autónoma				Festas NON Recuperables de Ámbito Local	
				COMPOSTELA	**LUGO**
1 xaneiro	Aninovo	**24 xuño**	San Xoán		
6 xaneiro	Día de Reis	**25 xullo**	Día de Galicia	**17 febreiro** (Entroido)	**17 febreiro** (Entroido)
19 marzo	San Xosé	**15 agosto**	Asunción	**14 maio** (Ascensión)	**5 outubro** (San Froilán)
2 abril	Xoves Santo	**12 outubro**	Festa N. España	**Días Festivos Universitarios**	
3 abril	Venres Santo	**8 decembro**	Inmaculada	**- 26 xaneiro:** Santo Tomé **- 24 decembro:** Noiteboa **- 31 decembro:** Fin de Ano	**- Apertura de Curso** **- Patrón do Centro**
1 maio	Festa do Traballo	**25 decembro**	Nadal		

Vacacións

Días Adicionais por Anos de Servizo:

- 15 anos: 1 día hábil adicional
- 20 anos : 2 días hábiles adicionais
- 25 anos : 3 días hábiles adicionais
- 30 anos : 4 días hábiles adicionais

Instrución VI/2025 - QUINTO E SEXTO

Vacacións:

- **22 días hábiles**/ano ou parte proporcional (sábados non hábiles).
- **11 días hábiles**/ano ou parte proporcional (Persoal de xornada especial)

Deberán gozarse dentro do ano natural. Se **por razóns acreditadas** non fose posible poderán solicitarse **ata o 31 de marzo de 2027**.
Antes do 27 de abril de 2026 as persoas responsables deberán validar as propostas de vacacións do persoal ao seu cargo.
Período de peche: do 3 ao 14 de agosto: centros docentes e bibliotecas (agás Aulario Novoa Santos, Biblioteca Xeral, Concepción Arenal e Biblioteca Intercentros). Pecharán tamén a EDIUS , o CEP e o Edificio Emprendia
Instalacións deportivas: pecharán todo o mes de agosto, agás o **Estadio** que estará aberto en xornada de mañá durante o mes de agosto.
Servizo Universitario de Residencias: a apertura durante os períodos non lectivos axustarase á demanda de prazas
Escola Infantil Breogán: vacacións durante o mes de agosto coas singularidades de tempo adicional recollidas no convenio colectivo.
O persoal que presta os seus servizos nos centros que pechan no mes de agosto deberá gozar das vacacións ou días de permiso por asuntos particulares durante o tempo que permaneza pechado o seu centro de traballo.

Vacacións e I.T, Maternidade, Permiso de Parto, Permiso de Paternidade ou Período de Acumulación de Lactación
Instrución VI/2025 Punto 5.1

Cando as vacacións coincidan con I.T, baixa por maternidade, permiso de parto, permiso de paternidade ou período de acumulación de lactación, terase dereito a gozalas noutro tempo a continuación da finalización da devandita incapacidade. Se a incapacidade impedira gozar das vacacións, total ou parcialmente, durante o ano natural ao que correspondan, poderase facelo unha vez finalice a dita incapacidade máis aló do 31 de marzo do ano seguinte e sempre que non transcorresen 18 meses a partir do ano en que se orixinara.

Permisos Retribuídos

Días Adicionais por Antigüidade:

- **2 días máis** ao cumprir o 6º trienio.
- **1 día máis** por cada trienio a partir do 8º trienio

(**A metade do anterior** para o persoal en **quenda especial fin de semana**)
Instrución VI/2025 CUARTO

Asuntos Particulares e Permisos: (para todo o persoal, agás quenda fin de semana)

- **9 días ao ano** para o persoal de centros docentes con patrón de centro.
- **10 días ao ano** para o persoal de servizos centrais sen patrón de centro.
- **2 días** máis por coincidir en sábado o 25 de xullo e o 15 de agosto
- **1 día** na semana de festas: en Santiago (Ascensión), Lugo (San Froilán), Ferrol e Vilagarcía

Quen traballe na apertura de curso, Santo Tomé, sábado seguinte ao venres da Semana Santa ou no día do patrón do centro terá 2 días de compensación por cada un traballado. Para supostos non recollidos compensacións autorizadas pola xerencia.
Poderán **gozarse ata o 31 de xaneiro do 2027**. Se **por razóns acreditadas** non fose posible poderán solicitarse **ata o 31 de marzo de 2027**.
Permiso especial por forza maior: computará polas horas de ausencia de 4 días por ano natural cando sexa necesario por motivos urxentes relativos a familiares ou persoas convivintes que fagan indispensable a súa presenza

Xornada especial de fin de semana	**5 días** ao ano de **asuntos particulares** e festivos: **1 xaneiro e 25 decembro.**

VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS 2026
https://ccooensino.gal/usc/
www.facebook.com/CCOOdaUSC

Permisos Retribuídos

Tratamentos Fecundación Asistida	Polo tempo necesario, logo de xustificar ter que realizalo dentro da xornada laboral. É tanto para a traballadora como para a parella.
Exames Prenatais e Técnicas de Preparación ao Parto	Dereito a ausentarse do posto de traballo, polo tempo necesario para a súa práctica. É tanto para a traballadora como para a parella.
Permiso de Xestación **Permiso de Maternidade, Adopción ou Acollemento** Instrución VI/2025- Punto 4.1 R.D 5/2015 Artigo 60.6 Convenio Colectivo Art. 42 da Lei 5/2025 de medidas fiscais e administrativas de Galicia modifica o art. 121 da LEPG	**Permiso por xestación** a partir do día 1º da semana 37 de embarazo ata o parto. En xestación múltiple a partir do día 1º da semana 35. **22 semanas a xornada completa por parto, das que obrigatoriamente 6 serán ininterrompidas e inmediatamente posteriores ao parto.** Pode adiantarse ata catro semanas antes da data previsible do parto. **Ampliables en 2 semanas por cada fillo, compartidas entre os dous proxenitores nos supostos de parto múltiple ou fillo con discapacidade**. O resto do tempo poderá distribuírse a vontade da nai, en períodos semanais (avisando con 15 días de antelación) ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. Pode solicitarse a xornada completa ou a tempo parcial. **No caso de falecemento da nai,** con independencia de que esta realizara ou non algún traballo, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, no seu caso, da parte que reste do período de suspensión, computado desde a data do parto, e sen que se desconte do mesmo a parte que a nai puidera aproveitar con anterioridade ao parto. **No suposto de falecemento do bebé,** o período de suspensión non se verá reducido, agás que se solicite a reincorporación logo do descanso obrigatorio de 6 semanas.
Permiso para o Outro Proxenitor por Nacemento, Acollemento ou Adopción Art. 124 da LEPG	**Permiso** intransferible **de 19 semanas** (seis obrigatorias tralo parto). **As obrigatorias son a xornada completa e deben gozarse inmediatamente despois** do parto, adopción ou acollemento. Once semanas que se poderán gozar en calquera momento de forma continuada ou interrompida a xornada completa ou parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, **durante o primeiro ano de vida do bebé**. Deberán collerse en bloques mínimos de 1 semana avisando con 15 días de antelación. Dúas semanas en períodos semanais de forma acumulada o interrompida ata que a filla ou o fillo cumpra 8 anos **Ampliación de dúas semanas para ambos proxenitores (unha semana para cada proxenitor) en caso de partos, acollementos ou adopcións múltiples** (unha por cada neno a partir do segundo) **ou discapacitados.**
Fillos Prematuros ou Hospitalizados despois do Parto Art. 60.8 Convenio Colectivo	**Tantos días como o fillo/a estea hospitalizado**, cun **máximo de 13 semanas** adicionais. Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados tralo parto, o persoal terá dereito a ausentarse do traballo durante un **máximo de 2 horas diarias**, percibindo as **retribucións íntegras.**
Adopción ou Acollemento Internacional Art. 60.10 Convenio Colectivo	**Ata 3 meses** de duración, podendo gozarse de forma fraccionada. Durante o período deste permiso percibiranse **exclusivamente as retribucións básicas**.
Permiso de Lactación por fillo menor de 12 meses Art. 60.11 Convenio Colectivo; Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia art. 112	**1 hora** de ausencia ao traballo, que poderá dividir en 2 fraccións. Poderá substituírse o tempo de lactación por un permiso que acumule en xornadas completas o tempo correspondente, ou por un crédito de horas; podéndose aproveitar, en ámbolos dous casos en calquera momento, despois do goce do permiso de maternidade e ata que o fillo/a cumpra 12 meses. Este permiso **incrementarase proporcionalmente** nos casos de **parto múltiple**. Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, se os dous traballan. Nos supostos de **adopción ou acollemento**, este computarase durante o primeiro ano desde a resolución xudicial ou administrativa.
Traballadores con Fillos Discapacitados Art. 60.12 Convenio Colectivo	Terán dereito a ausentase do traballo polo tempo indispensable para asistir ás reunións de coordinación do centro de educación especial, onde reciba o tratamento, ou para acompañalo se tivera que recibir apoio adicional no ámbito sanitario ou social.

Permisos Retribuídos

Revisións Médicas Artigo 117 LEPG Art. 60.13 Convenio Colectivo	Polo tempo indispensable; terán dereito os traballadores para realizar revisións médicas propias ou de familiar ata o 2º grao, que estean ao seu coidado directo; a consulta deba realizarse na xornada laboral e debe ser no servizo público de saúde.
Permiso por Enfermidade, Accidente ou Enfermidade Moi Grave Art. 60.3 Convenio Colectivo	**30 días naturais** como máximo de permiso retribuído que poderá utilizarse de xeito separado ou acumulado. Pódese pedir para atender, **en caso de accidente ou enfermidade moi grave**, ao cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares no 1º grao, acollidos ou familiares convivintes. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso.
Ausencias por enfermidade ou accidente que non dean lugar a i.t. Cap. V do Acordo 28/05/2021 do C.G.	**Ata 4 días/ano, 3 consecutivos,** por enfermidade ou accidente que non precise IT, necesita xustificación á persoa superior xerárquica.
Coidado de Fillo menor de 18 anos afectado por Cancro ou Enfermidade Grave Art. 49 do RD 5/2015, de 30 de outubro	Cando ambos proxenitores traballen, o funcionario/a terá dereito á **redución da xornada de traballo de polo menos á metade, percibindo as retribucións íntegras** para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado, cando a enfermidade grave implique un ingreso hospitalario de larga duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado. Ata que cumpra os 23 anos
Falecemento, Accidente, Enfermidade Grave, Hospitalización, Cirurxía sen Hospitalización Art. 108 LEPG e Art. 60.2 Convenio	**5 días hábiles** por familiar **ata o 2º grado** Poderán collerse de forma descontinua menos en caso de falecemento **1 día hábil** por falecemento de familiar en **3º ou 4º grao**
Matrimonio Art. 60.1 Convenio Colectivo	**15 días naturais** ininterrompidos. Poderá acumularse ás vacacións. Tamén válido para parellas de feito inscritas no Rexistro de Parellas de Feito.
Separación, Divorcio ou Nulidade	**4 días naturais**
Permisos por Violencia de Xénero Art. 60.14 Convenio Colectivo	As **faltas de asistencia**, xa sexan totais ou parciais, das vítimas de violencia de xénero terán a consideración de **xustificadas,** polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.
Exames e Acceso ao Emprego Público	Durante os días da súa realización, ou aqueles que se precisen para o desprazamento, previa xustificación
Deber Inescusable Art. 60.18 Convenio Colectivo	Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral. Os permisos non poderán superar **1/5 da xornada en cómputo trimestral**. Se a causa que orixina o permiso supón a percepción de retribución ou indemnización, descontarase do salario do traballador o importe da mesma.
Traslado de domicilio Art. 60.16 Convenio Colectivo	Por traslado de domicilio **un día hábi**l na mesma localidade e **dous días** se houbera cambio de localidade. Se a unidade familiar estivera composta por **dous ou máis membros** o permiso será de **dous días** sen cambio de localidade e de **catro** se existe cambio.

Licenzas Sen Retribución

1. Licenzas sen soldo, para o persoal que teña cumprido polo menos un ano de servizos efectivos. Poderá solicitala por un prazo non inferior a **15 días** nin superior a **6 meses**, sempre que o permitan as necesidades do servizo. Por causas excepcionais, poderá ampliarse a duración desta licenza en **3 meses** máis, pero a súa duración acumulada non poderá exceder dos **9 meses** cada **2 anos**

2. Pasamento do cónxuxe, parella de feito ou fillos, o traballador poderá solicitar adicionalmente un permiso non retribuído dunha duración non superior a **1 mes**, con independencia doutros supostos de licenzas sen soldo

3. A realización doutros traballos durante o tempo de licenza, no sector público ou no privado, quedará suxeita a previa concesión de compatibilidade segundo a lei 53/1984 de incompatibilidades.